

Índice de confianza do consumidor. Novembro 2006.


COMUNICADO

Segue mellorando o saldo da evolución pasada dos prezos

Sobe o saldo da evolución pasada dos prezos e baixa o das perspectivas de evolución

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Representa a percepción dos fogares dunha subida de prezos cada vez máis moderada nos últimos meses.

O outro saldo relativo ós prezos recolle as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Esta variable amosaba de xeito sistemático un saldo máis favorable que a referente á evolución pasada dos prezos. No mes de outubro de 2006 melloraba bastante con respecto ao mes anterior pero neste mes de novembro de 2006 por primeira vez acada un valor menor que o saldo da evolución pasada e ambos saldos chegan a cruzarse.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

O indicador de sentimento do consumidor (ISC) mellora este mes de novembro

O comportamento do índice de sentimento é pouco usual xa que mellora en sete décimas o saldo obtido no mes anterior; o que fai que novamente (como xa ocorrera en setembro) estes dous indicadores leven comportamentos de sentido contrario.

O índice de confianza do consumidor, ICC acada no mes de novembro de 2006 un valor de -22,7; este saldo supón a confirmación da fase de descenso deste índice que tórnase descendente tódolos anos tralo verán.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>